

Abstracción, Dadaísmo Surrealismo

Primeira metade do século XX

Dise e con razón que o século XX empezou en 1914, cando un conflito do século anterior converteuse nunha guerra moderna. Un feito apenas relevante nunha cidade dos Balcanes deu ao traste co I Guerra Mundial, un desastre colosal para o xénero humano que puxo en cuestión conceptos como civilización, desenvolvemento ou progreso.


O I Guerra Mundial supuxo un cambio radical no papel hegemónico das grandes potencias, porque supuxo a mutilación de Alemania; a desmembración do Imperio Austro-húngaro; a aparición de novos países, que fixeron impoñer as súas ansias nacionalistas; o triunfo da Revolución soviética e o protagonismo crecente dos Estados Unidos no panorama internacional.

Parecía que aquela sería a primeira e a última guerra do xénero humano, pero unha paz mal negociada, pechada con ansias de vinganza no canto de con clemencia, a Paz de Versalles, alentou as posicións extremas nos países perdedores. E todo iso ademais nun contexto económico de crise continuada, consecuencia primeiro da propia pobreza xerada pola guerra, pero sobre todo pola situación de creba total que xerou o crack da bolsa de Nova York de 1929.

Empeza así unha época de incerteza, de crise, de extremismo político, de inseguridade e de desconcerto ideolóxico, de enfrontamento, que levantará ata o poder ao nazismo en Alemania e ao fascismo en Italia. Unha situación crítica que terá o seu primeiro acto sanguento na Guerra Civil española e o seu drama definitivo na II Guerra Mundial

Vanguardas durante a “guerra” e a posguerra

- Dadaísmo: Duchamp--A fonte
LHOOQ
- Abstracción: Kandinsky —pintura con tres manchas
Mondrian —Tableau nº1
- Surrealismo: Dalí— A persistencia da memoria



Abstracción

Algúns artistas, eliminan dos seus cadros as referencias á realidade e outros tratan de loitar contra todo a través das súas realizacións, mesmo contra a arte.

Unha serie de pintores darán o paso definitivo cara á anulación do elemento temático ou figurativo dentro da linguaxe pictórica. Trátase de artistas que como W. Kandinsky, K. Malevich e P. Mondrian buscan unha arte espiritual e profunda, negando definitivamente a referencia imitativa na arte e converténdoa nun feito alieo á realidade.

Sinalamos algúns dos seus **trazos distintivos**:

- Ruptura absoluta coa pintura figurativa
- Expresión mediante a forma e a cor
- Autonomía da obra de arte
- Creación dunha obra baseada nos elementos plásticos: cor, forma
- Obxectivo: que a obra de arte provoque determinadas sensacións no espectador. Segundo Kandinsky, a arte é *unha forza útil que serve ao desenvolvemento e á sensibilización da alma humana*.


KANDINSKY



O artista ruso afincado en Alemaña, fundador da corrente expresionista de *Der Blaue Reiter*, vai ser o primeiro que xa no 1910 fai unha acuarela abstracta abrindo unha vía na que os elementos pictóricos van ser utilizados sen referencias formais e con total liberdade buscando unha expresión semellante aos sons da música. Mais tarde, no 1915, outro artista ruso, Malevich implanta alí a pintura abstracta baixo o nome de *Suprematismo*, caracterizada por formas xeométricas simples e cores restrinxidas, usando as veces soamente o branco e o negro. No 1917, con similar concepción á da corrente rusa, nace de man de Mondrian en Holanda o *Neoplasticismo*, que emprega formas xeométricas regulares e cores primarias. A experiencia abstracta deixará forte pegada na arte posterior. De nacionalidade rusa, foi o protagonista central do grupo *Der Blaue Reiter*, que xurdiu en Múnic como unha segunda onda do expresionismo. Pertenceu e foi profesor na Bauhaus e evolucionou ata chegar a ser uns dos creadores da arte abstracta. É un dos máis brillantes teóricos da arte do século XX, con obras como: *Punto e liña sobre o plano* e *Do espiritual na arte* (1912).

- Nas súas obras abandona a reprodución da realidade interesándolle só a cor, as liñas e as superficies, co que inicia o camiño á abstracción.
- As súas composicións chegan a estar baseadas no trazado de puntos, liñas, ángulos, cadrados e círculos coloreados con pinturas planas.
- Debuxo de formas xeométricas simples e planas.
- Gran colorista. Forma e cor son os seus principais instrumentos

Cando mais angustiosa se volve a situación na guerra, mais abstracta se volve a súa arte. Para el a cor é o medio que exerce unha influencia directa na alma, o artista debe empregalo segundo a súa necesidade interior: cálidas e frías, claras e escuras, as cores serven para definir o mundo. Tamén introduce a noción de movemento: horizontal, centrífugo, centrípeto; o dinamismo está ligado á forma. Entre forma e cor hai unha interacción recíproca. Nos ensaios que fai despois do seu tratado, afonda e amplía eses conceptos convertendo a obra de arte nun mundo en si mesmo. Para entender o proceso evolutivo de Kandinsky cara a abstracción, hai que comprender a influencia que sobre el exerceu a música. Era intimo amigo de Schönberg, que daquela estaba a traballar no dodecafonismo, e na súa obra a afinidade entre a música e a pintura está patente mesmo nalgúns dos títulos que lle pon. A tentativa de liberar á pintura da literatura empúrrao á música das cores e ao ritmo das formas. Nos anos 20 participa na experiencia da Bauhaus, escola libre de artes e oficios aplicada á industria, e a súa abstracción faise xeométrica. *O arco negro*, obra realizada en 1912 que se conserva no Centro Pompidou de París representa os comezos da súa experiencia abstracta



Pintura con tres manchas

Clasificación

Autor: WASSILY KANDINSKY

Título: *Pintura con tres manchas*

Cronología: 1914

Técnica e material: Óleo sobre lenzo.

Tamaño: 1.21 x 1.11 m.

Museo Thyssen □ **Bornemisza**



Pintura con tres manchas foi

pintada en Múnic na primeira metade de 1914, antes do seu regreso a Moscova a finais dese ano, no momento en que as súas experimentacións pictóricas e teóricas levaran ao artista ruso ás portas da abstracción pura. No proceso de creación xoga un papel preponderante o concepto de improvisación; pero a obra é elaborada con gran esforzo, minuciosamente, dando renda solta ás inspiracións momentáneas, pero sen deixarse dominar por factores de azar.

Contexto e interpretación:

este cadro foi realizado días antes do estalido da Primeira Guerra Mundial. Por este feito, esta obra entendeuse como a tradución plástica, realizada cunha linguaxe completamente abstracta, da tensión e o clima prebélico que reinaban en Europa. Así pois, a pugna dos campos de cor que chocan no ángulo superior dereito do lenzo percíbese como a metáfora da inminente loita.



Na obra titulada *Pintura con tres manchas da colección Thyssen* pódese apreciar que as cores son as protagonistas e a liña actúa de modo autónomo como elemento expresivo ao mesmo nivel que a mancha. Cores, manchas, liñas nun fondo plano sometidas á expresión e ao ritmo que o autor lle outorga

Contido Iconográfico: carece de calquera referencia ao mundo exterior dos obxectos, é unha composición de formas abstractas e manchas de cor completamente libres, chamadas “resonancias cósmicas” polo pintor, cuxa disposición reflicte o principio de que a arte absoluta (a pintura abstracta) responde a unha necesidade interior do artista.



Espazo: non hai noción de espazo tridimensional, pois o pintor evita todas as normas que rexían a pintura mimética, aquela que pretendía a representación da realidade visible.

Elementos plásticos: unha serie de formas flutuantes superpostas e de intensas cores ocupan todo o espazo pictórico. No centro, tres manchas ovoides de diferentes tamaños, compactas, de cores planas azul, verde e vermello, fan referencia á simboloxía divina do número tres. Liñas flutuantes, curvadas, verticais, inclinadas, pequenos semicírculos e oxivas se estenden sobre as manchas e pola superficie do cadro.

O seu código plástico mostra os seguintes elementos:

- Manchas de cor estendidas e transparentes:
- manchas de cor fría dan o sentido de profundidade flutuante.
- manchas de cor cálida, materia que se expande e flota no espazo fluído.
- Manchas compactas: o vermello □ amarelo, cálido, que tende a expandirse, e o azul □ verde, frío, que tende a contraerse.
- Signos lineais filiformes son indicacións de posibles movementos, suxiren a dirección e o ritmo das manchas, poñen en movemento todo o cadro; son os que dan ás manchas de cor a calidade de forzas e non de formas, e dan o ritmo ao movemento.
- Cada cor representa unha forza: forzas que poden sumarse ou restarse, limitarse ou impulsarse mutuamente.





Composición de formas abstractas e manchas de cor,
chamadas ?resonancias cósmicas? polo pintor
Unha serie de formas fluctuantes de cores intensas
ocupan todo ou espazo. Non centro, tres manchas
ovoides, compactas, de cores planas

Manchas de cor estendidas
e transparentes

Manchas compactas
vermello-amarelo cálido,
que tende a expandirse

Manchas compactas
azul-verde frío, que
tende a contraerse

Manchas de cor cálida,
materia que se expande
e flota no espazo fluído

Cada cor representa unha
forza: forzas que poden
sumarse ou restarse...



Signos lineais filiformes
Indican posibles movementos
suxiren a dirección e o ritmo
das manchas...poñen en
movemento a todo o cadro

Manchas de cor fría dan
o sentido de profundidade
flutuante

Esta obra debe ser interpretada como pintura non-obxectiva
e como símbolo dunha aspiración espiritual. A combinación
de ritmos de cores e de formas abstractas non é outra cousa
que a concreción plástica do sentimento do seu autor.

**Asociación de formas, de cor,
de liñas, de direccións de tensións, de concordancia
ou discordancias de acordo
a certos criterios que dotan á composición
da estrutura autónoma en beleza**

**Paralelismo entre
pintura e música**



**Expresionismo alemán
“Der blaue Reiter” O xinete azul)
Wassily Kandinsky
Primeira acuarela abstracta**

Valor de cores

- Rojo: poder, energía
- Amarillo: calor- pasión
- Verde: calma
- Azul: frío- espiritualidad
- Negro: la nada
- Gris: estatismo
- Blanco: silencio positivo

Valor de formas

Triángulo { Arriba: fuerza
Abaixo: tristeza

Círculo → Perfección

Semicírculo → Con base recta: tranquilidad

Líneas { Ascendente: alegría
Horizontal: calma
Descendente: tristeza } grosor enerxía

→ Significación propia

Puntos → A partir anos 30

ameboides




Impresión

(Aínda presente
visión natureza)



Improvisación

(nacidos do inconsciente)



composición

(participa conscientemente
realizando unha análise)

Expresionismo alemán

“Der blaue Reiter” (O xinete azul)

Wassily Kandinsky

**Composición con
ritmos diagonais**

**Formas, líñas e
cor adquieren
independencia
gradualmente da
realidade**

**Movemento máis
estético**




**Todavía aparecen
algúns elementos
recoñecibeis**

**Equilibrio entre cores
alegres e formas**

**Expresionismo alemán
“Der blaue Reiter” (O xinete azul)
Wassily Kandinsky
Murnau con igrexa**

Táboa nº I



Clasificación

Autor: Piet Mondrian

Título: Táboa nº I

Técnica: Óleo sobre lenzo

Época: Abstracción- Neoplasticismo


1921

96.5 x 60.5 cm.

Museo: Museum Ludwig, Cologne,
Germany



MONDRIAN

É un pintor holandés formado na Academia de Belas Artes que comeza pintando paisaxes dentro dun estilo tradicional. Durante un tempo dedícase a facer copias de obras dos museos e ilustracións científicas para a Universidade de Leiden. Impresionismo, fauvismo, cubismo, van influíndo nas súas experiencias artísticas. Chega a abstracción pura de forma gradual, quitándolle progresivamente aos obxectos todas as súas notas individuais ata reducilos a un esqueleto e facelos desaparecer. Na súa abstracción hai unha inspiración científica, quere facer unha arte inspirada pola perfección das leis científicas e matemáticas.



Nos mesmos anos nos que en Rusia se realizan as indagacións suprematistas e constructivistas, en Holanda os obxectivos son semellantes. O que el denomina Neoplasticismo non xorde ata 1917 e será difundido na revista *De Stijl*. Elimina a liña curva, a voluta, os residuos formais, e reduce todo a liñas verticais e horizontais nas que non existe a pegada emocional. A única lei é a cor unida, compacta, plana e pura. Achegarase tamén á experiencia de Bauhaus

EVOLUCIÓN: arte figurativa...cubismo...abstracción completa







Tableau I é unha obra realizada en óleo no 1921 conserva no Museo Ludwig de Colonia. Nela, as cores primarias e neutras e as liñas e formas rectas organizázanse rompendo a simetría pero mantendo o equilibrio. As liñas tratan de separar as cores para que non se influían co seu contacto



NEOPLASTICISMO

A procura da pureza total da pintura
obriga á redución básica dos seus
elementos esenciais.

A redución pura da cor:

Cores puras sen mesturas

Cores Planas

A redución plena das formas:

O cadrado e o rectángulo

A redución plena da liña

Liñas rectas e xeometricamente perfectas

Nin unha soa curva


DADAÍSMO

En 1916, en Zúrich, un grupo de artistas reúnen no "Cabaret Voltaire" e é alí onde Dadá naceu; a orixe do nome é motivo de discusións, diase que Tristan Tzara atopou esta palabra, ao abrir ao azar un dicionario nunha das reunións que o grupo celebraba no cabaret Voltaire. Ao mesmo tempo se producía en Nova York unha revolución contra a arte convencional liderada por Man Ray, Marcel Duchamp e Francis Picabia. Azar é a palabra crave do Dadaísmo, converténdose no seu método artístico.

É un Movemento que manifesta o seu rexeitamento desa sociedade que levou á guerra e de todos os seus valores. Rebélanse contra todo, tamén contra a arte establecida, e manifestan a súa protesta a través de propostas agresivas antiartísticas. Preconizan a supremacía do azar respecto da regra, negan a razón e defenden a contradicción e a anarquía. Agresividade e ousadía son palabras que poden definir as súas realizacións. Dúas cidades acollen polas mesmas datas realizacións de rexeitamento fronte ao sistema establecido: Zúrich e Nova York

A súa meta era a provocación, mesmo arremetendo contra o público asistente, buscando unha reacción por parte da xente. Para eles todos os medios son válidos. O Dadaísmo acadou unha rápida difusión grazas ás revistas e aos fotomontaxes. A actividade que se desenvolve na cidade americana ven da man de Marcel Duchamp quen xa no 1913 comeza a revolucionar o mundo das artes cós seus *ready mades*. O Dadaísmo vaise estendendo despois a cidades de Alemaña e tamén a París, onde terá unha forte pegada e será o punto de partida do Surrealismo. A vertente americana abrirá o camiño á arte Pop.

Marcel Duchamp



- Cando analizamos a obra de Marcel Duchamp (1887-1968) queda sempre a dúbida de en que "apartado artístico" deberíamos clasificalo. Trátase dun pintor fauvista, cubista ou abstracto? É, talvez, un escultor cinético ou un autor que emprega obxectos da vida cotiá e convérteos en arte? Pertenceu ao dadaísmo? Anticipou o surrealismo? Ou é, simplemente, o irreverente, o provocador, o que engana ao espectador e se burla del? Pois nada diso... e todo á vez. Unha das personalidades máis creativas do panorama artístico do século XX. Orixinal, tremendamente orixinal, desde logo.
- Duchamp, nace en Francia. Moi novo vaise a París, para estudar arte, aínda que non conclúe os seus estudos, realizando unha viaxe estilístico polas diversas correntes pictóricas da época. O seu paso por cada unha delas é verdadeiramente fugaz: sempre vangardista, podería afirmarse que a súa inquietude por buscar un camiño propio impídelle percorrer de todo aqueles que outros artistas abriron antes. Tan é así que cara a 1913 practicamente abandona a pintura e serán moi poucos os cadros que realice.
- Inicia entón Duchamp a súa traxectoria como escultor, concretada na realización do seu primeiro "obxecto atopado", a *Roda de bicicleta* denominado pola crítica como **ready-made** (listo e feito), unha verdadeira innovación escultórica. Con iso pasa a converter obxectos cotiáns, que non posúen ningún valor específico e aos que el engade unha mínima transformación, en obras de arte, sacándoas do seu contexto habitual. Hai pois aquí unha posición moi próxima ás formulacións dadaístas, en canto supón unha forte crítica ao propio sentido da arte e á súa consideración na sociedade contemporánea.

A Fonte

Fountain by R. Mutt

Photograph by Alfred Stieglitz



THE EXHIBIT REFUSED BY THE INDEPENDENTS

Clasificación

Autor: Marcel Duchamp

Título: *A fonte*

Cronoloxía: 1917

Estilo: dadaísmo

Ready-made: obxectos manufacturados que descontextualiza do seu entorno habitual e aos que lles outorga unha nova identidade, situándoos nun ámbito artístico

Fountain by R. Mutt

Photograph by Alfred Stieglitz



THE EXHIBIT REFUSED BY THE INDEPENDENTS

Con esta actitude provocadora Marcel Duchamp quixo mostrar a súa desilusión ante as formas tradicionais da arte, pintura e escultura, como medios de expresión, e o seu rexeitamento ante a idea de que a arte e o artista teñen unha "natureza especial" distinta á dos homes e obxectos ordinarios. O seu xesto de enviar á exposición un produto comercial fabricado en serie e asinado por un "artista" inexistente, opónse radicalmente á sacralización da obra de arte como "creación única e irrepetible", saída das mans dun "xenio". Este desafío "antiartístico" propoñía romper coas barreiras da arte e ampliar os seus horizontes. Na defensa da súa Fonte, Duchamp escribiu: Si o **Sr. Mutt** construíu ou non coas súas propias mans a Fonte non ten ningunha importancia. El ELIXIUNA. Tomou un obxecto da vida diaria, recolocouno de maneira que se perdese o seu sentido práctico, deulle un novo título e punto de vista e creou un novo significado para ese obxecto.

A fonte, 1917: ensalza a beleza industrial dun urinario cunha carga de dadaísmo. Ademais fai referencia cun só obxecto á posición feminina (útero) e á sexualidade. Firmado co pseudónimo R. Mutt.

L.H.O.O.Q.



Autor: Marcel Duchamp (1887-1968)

Título: L.H.O.O.Q.

Cronoloxía: 1919

Técnica e material: lapis sobre unha reprodución da *Mona Lisa* de Leonardo da Vinci

Tamaño: 19.7 x 12.4 cm.

Colección privada

Surrealismo

A posición Dada foi provisional, provocada pola guerra, e pola súa propia esencia non podía adquirir “identidade legal” por iso Tzara decreta a súa morte. Pero a súa pegada será recollida por André Bretón, ligado ao movemento, que desde París fará no 1924 o *Manifesto Surrealista*. Os movementos que xurdiran con anterioridade, sobre todo o expresionismo e a abstracción, continúan tendo vixencia, e conviven, e algúns mestúranse, coas experiencias surrealistas. Moitos artistas escaparán da nova guerra buscando refuxio en América e influirán nas segundas vangardas que van xurdir en Nova York.

O surrealismo será a vangarda mais importante destes anos na que se mestura o efecto provocador Dada cos estudos psicanalíticos de Freud sobre a interpretación dos sonhos e a asociación libre de ideas, para transmitir mensaxes que traten de cambiar a conciencia das xentes. Nun primeiro momento foi un movemento literario e mais tarde incorpora entre as súas filas pintores e escultores; algúns dos dadaístas súmanse a el. Entre os surrealistas non hai unha identidade formal, soamente unha actitude respecto da realidade e da vida; por iso o importante nas obras é o contido, representando nos cadros o *maravilloso*, *fusión de soño e realidade*. Movemento fundado polo poeta André Breton en 1924, que pronto pasará ás artes plásticas. Herdeiro do dadaísmo, do que conserva o gusto pola provocación.

Expresa a dimensión inconsciente, que se manifesta no mundo dous sonhos e no subconsciente, o que o vincula coa psicanálise de Sigmund Freud. A arte permite o encontro do real e do imaxinario.

Pódense diferenciar dúas vertentes plásticas dentro do surrealismo: a que emprega un estilo pictórico informal mais preto do automatismo dadaísta, da utilización do azar, e que adoita formas esquemáticas e cores puras para expresarse, e aqueloutra que se usa unha linguaxe figurativa mais tradicional para transmitir asociacións dispares na representación. Miró ou Ernst son autores pertencentes á tendencia automática, mentres que Dalí ou Magritte válese dunha representación mais tradicional para expresar o mundo onírico





MIRÓ, artista catalán afincado en París, onde entra en contacto con Picasso e os dadaístas pronto se suma ao movemento liderado por Bretón. Daquela o pintor xa tiña a súa propia linguaxe formal e o que fará e engadirlle conceptos surrealistas. Comezou a pintar nunha etapa de convalecencia que o obrigou a estar en repouso na casa familiar de Mont-Roig seguindo pautas vinculadas ao cubismo, formas rectas e planas, pero cunha iconografía moi persoal reflexo da súa identidade. A súa linguaxe caracterízase por manterse fiel a un *corpus de signos e cores vivas que mestura co branco e o negro*. Ao longo da súa produción vai desenvolvendo unha iconografía persoal expresada cunha linguaxe simple e sobria a que a cor lle outorga un sentido lúdico e que el recrea tanto na pintura como na escultura, no gravado ou na cerámica. Sirva como exemplo o *Carnaval do arlequín no que reduce os obxectos a formas simples e espontáneas que flotan no espazo constituíndo un mundo poético que o pintor converte nunha especie de vocabulario de signos que se repiten nas súas obras configurando un mundo máxico*. As estrelas, os cometas, a lúa, a música... mestúranse co home, a muller e os pequenos animais para formar o seu universo particular.

DALÍ comeza a súa formación na escola de debuxo de Figueras, a súa vila natal, e continúa os seus estudos na escola de Belas Artes en Madrid. Na Residencia de Estudiantes entabla amizade con Lorca e Buñuel e en París, a través de Miró toma contacto cos círculos surrealistas. En 1933 as súas simpatías có fascismo provocaron que fóra expulsado do grupo surrealista. Nos anos 40 vaise a Estados Unidos, onde permanecerá quince anos, e a súa obra vaise ver influída pola moda e a publicidade. De volta a España instálase en Port Lligat e segue explotando a súa vea extravagante. É un pintor de gran precisión técnica, capaz de facer visibles os seus delirios e alucinacións. Unha das súas contribucións ao surrealismo foi o que el chamou o *método parnaoico-crítico, consistente en asociar imaxes arbitrarias*. Tamén colabora na realización de películas nas que se empregan elementos e contidos propios do surrealismo, como *Un chien andalou (1928)* en colaboración con Buñuel.


CARACTERISTICAS


- Pintura con aparencia de realidade case fotográfica
- Execución técnica minuciosa
- Colorido brillante
- Obxectos e persoas en asociacións insólitas
- Paisaxes de grandes espazos de atmosfera onírica
- Somete os obxectos a contínuas metamorfoses
- O seu proceso creador chamado por el mesmo como “crítico-paranoico”, está baseado en pintar as súas propias visións nunha sucesión de imaxes próximas ao mundo dos sonhos, de imaxinación e fantasía desbordante. *“Método espontáneo de coñecemento irracional baseado na obxectivación sistemática de asociacións e interpretacións delirantes...”*.



A persistencia da memoria Os reloxos brandos.

- **Autor:** Salvador Dalí.
- **Cronoloxía** 1931
- **Técnica** de óleo sobre lenzo.
- **Estilo:** Surrealismo
- **.Medidas:** 24 x 33 cm.
- Consérvase no MoMA (Museum of Modern Art) de Nova York.
- Nunha revisión posterior creou A desintegración da persistencia da memoria (1952-54)







La desintegración de la persistencia de la memoria, 1954

Contido Iconográfico: a paisaxe é simple, inspirada na baía rochosa de Port Lligat. O mar, ao fondo, e un cantil á dereita. Nunha extensa chaira hai xustapostos diferentes elementos que producen asombro no espectador pola súa variedade, estraño aspecto e falta de relación lóxica entre eles.


1. Retrato□caricatura do pintor, unha cara con longas pestanas inspirada nunha rocha do cabo de Creus que ocupa o centro do cadro e semella un caracol arrastrándose polo chan, o corpo confúndese coa area escura, deixando nela unha pegada de cor. A cara aparece tamén noutros cadros do autor como *O gran masturbador* e *O enigma do desexo*.
2. Reloxos: tres reloxos brandos e deformados de ouro e prata. Un colga en equilibrio da rama dunha árbore sen follas. Outro se axusta a xeito de montura sobre a cara□caracol. O terceiro está, quizais, a piques de deslizarse por unha parede, sobre este reloxio hai unha mosca. Hai un cuarto reloxio, de peto e vermello, que conserva a súa forma, que parece estar devorado por multitude de formigas.
3. Formas xeométricas: cubo e estreito rectángulo que completan a composición pola esquerda e enlazan co ceo e a terra por forma e colorido



A precisión do debuxo nos elementos do cadro contribúe ao efecto sorprendente do tema no que xoga con escalas que trastocan os tamaños reais aluden a representación do subconsciente. Dalí definía os seus cadros como fotografías de sonhos pintadas a man. Cambia os tamaños e as texturas e coloca os obxectos en escenarios insólitos asociando elementos dispares como nos sonhos. Consegue con iso un choque na conciencia do espectador para despois poñelo a reflexionar. Nos momentos previos ao estalido da Guerra Civil realiza *Construcción branda con xudías fervidas, obra conservada no Museo de Arte de Filadelfia*, considerada como premonición do episodio trágico da nosa historia. A distorsión extrema das formas aplicada a un corpo recomposto de forma sorprendente e o grao de deterioro e morte de parte dos tecidos, provocan un efecto dramático ao que contribúe a súa inserción nunha paisaxe tormentosa e as alteracións de tamaño das formas respecto da realidade. Unha escena propia do mundo dos pesadelos.




Composición: é un cadro que fronte á diversidade de elementos que contén logra unha gran sensación de unidade, a esa sensación axuda o tratamento espacial que lle imprime e que será un elemento habitual na súa obra. Fondos inmensos, cunha liña do horizonte alta, pero sempre dous espazos que non se dividen de forma cortante senón que son unha prolongación de ceo e terra cara a unha contorna profunda, cara a un horizonte de gran profundidade sen por iso ocultar a planitude do cadro. Os diversos elementos colócanse en función dun horizonte que divide o espazo en dúas metades desiguais. Na parte superior, un ceo azul e branco, e na inferior, un terreo árido, escuro que ás veces se converte nunha praia





Na atmosfera onírica da pintura están recollidos elementos constantes na obra do autor: O seu autorretrato, mestura de cabeza humana e rochas da costa Brava dos arredores de Cadaqués, que repetirá en moitos outros cadros. Corpo semipétreo, case sen vida, extenuado. Estilizado pero recoñecible, caracterízase pola súa cor gris-azulada, o seu gran nariz apoiado no chan e a súa cara alongada. As pestanas longas, boca aberta e lingua saínte en amarelos, representan a contraposición entre o soño físico e o soño de que os seus desexos podan cumprirse.

- As formigas que simbolizan a morte, a destrución do corpo, o podrecemento.
- Os reloxo: o paso do tempo, que se nos escapa, non se pode reter.




*Representa as imaxes no escenario da badía de Port Lligat ao amencer e, segundo el, inspirouse no queixo camembert para darlle forma aos reloxos. Posiblemente xoga co dobre significado de *la montre molle*, que significa “sacar a lingua” e tamén “reloxo brando”.*





Debuxo: Dalí concédelle gran importancia. Formou parte do grupo de pintores surrealistas que empregaban unha figuración de corte tradicional, con moito detalle, aínda que nin as dimensións dos obxectos, nin as súas proporcións pretenden ser reais.

Simbolismo: os reloxos, como a memoria, abrándanse polo paso do tempo. Dalí, segundo el mesmo dixo, inspirouse no queixo Camembert á hora de engadir os reloxos ao cadro, relacionándoos pola súa calidade de "tenros, extravagantes, solitarios e paranoico□críticos".





El enigma del deseo, 1929



El gran masturbador, 1929



Sobre la arena una cabeza con rostro deforme y monstruoso (¿el propio rostro del pintor al que recrea también en otras obras?), un engendro, del que se identifican nariz, ojo, pestañas, lengua, en posiciones antinaturales, y portando otro reloj blando sobre ella.

**Características xerais:
luz irreal, espacio infinito, etc.**



**Líña de horizonte
moi elevada**


**Elementos da paisaxe
(costa de Cadaqués) son
intemporais e por tanto
representáanse duros**

**Formas blandas
reflicten o fluir
do tempo**

**Surrealismo
Salvador Dalí
A persistencia na memoria**

**Formas Naturalistas
descontextualizadas**

**Líña acota os
dibuxos con
grande
rigor e nitidez,
a veces
con auténtica
obsesión
por reflectir
fielmente
a realidade**




**Surrealismo
Salvador Dalí
O gran masturbador**

**Formas
simbólicas
(temas eróticos
(fetichismo),
obsesións
infantis sobre
morte e
putrefacción)**

**Temática extra-
do subconscie
de forma lúcida**

**Personaxes solitarios,
diminutos perdidos
na inmensidade**



**Concibido para
despois realizalo
tridimensionalmente**

**Surrealismo
Salvador Dalí
Retrato de Mae West**

As formas escultóricas súmanse aos movementos de vangarda iniciados pola pintura e moitos artistas comparten os experimentos vangardistas nas dúas linguaxes. Mesmo se superpoñen as linguaxes sendo difícil a súa catalogación. A liberdade no uso de materiais e técnicas e a incorporación da cor ou de materiais froito da evolución tecnolóxica característica deste tempo tamén contribúen a cambiar os procedementos escultóricos.

- GARGALLO é un escultor español que coincide en París polos mesmos anos que Picasso, e que vai incorporar un sistema novo ás súas creacións empregando láminas de material metálico unidas por soldadura para construír obras con planos significativos como os cubistas. Mestura influencias cubistas e expresionistas na súa escultura e comeza a desprenderse do sometemento ao volume convencional, empregando o oco para suxerir volume. Mostra da súa produción é *O profeta*, obra realizada nos anos 30 en bronce da que existen varias reproducións, unha no Raiña Sofía, de algo máis de 2 metros de altura. A expresividade do xesto mestúrase aquí coa concepción xeométrica en planos e o emprego de partes baleiras. O traballo que usan os ferreiros na forxa, de grande tradición en Aragón de onde é orixinario, servíronlle de punto de partida no uso de chapas metálicas, introducindo o proceso de soldadura na escultura en metal

